

NOITE NA TERRA

Jim Jarmusch, 1991

573

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 6 e 22 de agosto | V.O.S.E.

Night on Earth (1991, 128')

Dirección: Jim Jarmusch

Guión: Jim Jarmusch

Elenco: Winona Ryder, Giancarlo Esposito, Gena Rowlands, Armin Mueller-Stahl, Rosie Pérez, Roberto Benigni, Béatrice Dalle, Matti Pellonpää, Isaach de Bankole, Paolo Bonacelli, Kari Väänänen, Tomi Salmela, Sakari Kuosmanen

Son: Stuart Stanley

Dirección de arte: Diana Burton, Jeff Butcher, Giuseppe Strino, Rome Christian Waelder, Neal W. Zoromski

Vestuario: Magda Bava, Claire Fraisse, Barbara Gordon, Tina Seppo, Alexandra Welker

Montaxe: Jay Rabinowitz

Música: Tom Waits

Fotografía: Frederick Elmes

Produtora: JVC, Victor Musical Industries, Pyramide

Productions, Canal+, Pandora Cinema, Pandora Film, Film4

Productions, JVC Entertainment Networks, Locus Solus

Entertainment (EEUU-Reino Unido-Francia-Alemaña-Xapón)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Los muertos no mueren, 2019

Paterson, 2016

Gimme Danger, 2016

Só os amantes sobreviven, 2013

Los límites del control, 2009

Flores rotas, 2005

Coffee and Cigarettes, 2003

Ghost Dog, o camiño do samurai, 1999

Year of the Horse, 1997

Dead Man, 1995

Noite na terra, 1991

Mystery Train, 1989

Down by Law [Baixo o peso da lei], 1986

Estraños no paraíso, 1984

PREMIOS E FESTIVALS

Independent Spirit 1991

(Mellor Fotografía)

SINOPSE

Filme dividido en historias independentes a través das cales Jim Jarmusch presenta o panorama nocturno de cinco grandes cidades (Los Angeles, Nova York, París, Roma e Helsinki) cun taxi e o que nel ocorre desde o anoitecer ao amencer dun mesmo día.

«Unha obra libre e comprometida que defende a multiculturalidade e a irreverencia.»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS



“Non son considerado como un cineasta realmente americano”

Entrevista con Jim Jarmusch

Tanto en *Mystery Train* como en *Noite na terra* empregas diferentes idiomas: inglés, xaponés, francés, italiano e agora finés. Supoño que non falas todas estas linguas? Non, pero o divertido é que, nos meus filmes anteriores, tiña o propósito de que o máis importante sucedese entre os diálogos, máis que nas palabras en si. A linguaxe é un código que empregamos para nos comunicar pero non creo que sexa o máis importante medio de expresión, especialmente para un actor que quere transmitir algo. Nestes filmes a linguaxe é importante pois cada personaxe fala dunha maneira precisa. Por exemplo os mozos fineses de clase traballadora nunca falarán dunha maneira aristocrática, pero insisto en que as palabras non son o máis importante do filme. Por iso non foi un problema traballar con actores de diferentes países e idiomas.

Que foi o que te inspirou para artellar a historia que transcurre en Roma, coa confesión sobre a cabaza, a ovella e a muller do irmán? O actor principal da escena, Roberto Begnini, é dun pequeno pobo italiano, e desde que o coñezo, hai xa un lote de anos, contoume unha chea de historias salvaxes procedentes da contorna rural na que se criou. Moi salvaxes. O da cuñada foi inventado pero as historias

da cabaza e a ovella si que me chegaron por el, aínda que non as protagonizase persoalmente. Faloume dun home que se sentía realmente namorado dunha vaca e que colleu un trauma cando a enviaron ao carnicero. Así que todas estas historias atoparon o seu espazo no guión a partir da propia vida de Roberto.

Noite na terra non é un filme claustrofóbico a pesar do reducido dos espazos. Foi este elemento unha limitación no traballo cos actores? Sentíame moi limitado en canto ao que era quen de amosar, por exemplo, das cidades, para que estas se convertesen en personaxes por si propias, pero para min o máis importante era o ritmo que se xeraba na interacción entre os actores. A dinámica dese reducido espazo nos diferentes autos. Desde logo que foi complicado gravar alí, é como traballar en miniatura. Semellaba como se traballásemos con trens de xoguete máis que en grandes cidades. Tamén foi un cambio para min ter que empregar unha chea de primeiros planos dos rostros dos actores, algo que non fixen con frecuencia nos meus filmes anteriores.

Dos teus filmes adóitase dicir que teñen unha ollada estranxeira de América. Que opinas diso? Gústame. Xusto antes da cerimonia dos Premios da Academia de 1984 alguén enviou un fotógrafo a unha sala de Seattle que me dixo: «*Es-traños no paraíso*, mellor filme estranxeiro do ano». Pareceume todo un cumprimento, ás veces sintome coma se estivese nun pequeno bote no medio do Atlántico. Por suposto que me inflúe o cinema de Hollywood pero tamén o de Xapón, China,

India e Europa, e non me sinto totalmente americano dalgunha maneira. Ademais tiveron a fortuna de viaxar e facer amigos en diferentes partes do planeta, o cal mudou a miña perspectiva. Conste que tamén me gusta a cultura americana, vivir en hoteis e conducir coches alugados.

Co triunfo en Hollywood de cineastas como Spike Lee, os Irmáns Cohen ou Sam Raimi, cres que hai unha nova esperanza para o cinema estadounidense? Haino que analizar con calma. Por exemplo no seu momento namorei de *Posesión infernal* (1981) pero *Darkman* (1990) non me gustou nada, polo que pode que a entrada na industria non fose tan positivo para Sam Raimi. Creo que hai moitos elementos en xogo, desde a túa personalidade ao que queres chegar a facer. Eu non son considerado un director realmente americano. Dinme cineasta de culto, marxinal... a verdade é que tanto me ten. Mesmo pode que concorde coas denominacións. Non estou interesado en facer o tipo de filmes que outros queren que faga. Os Cohen ou Spike non teñen xente detrás dicíndolles o que teñen que facer, se ben non estou seguro do que pasou con *Malcolm X* (1992). Os meus filmes non teñen éxito comercial nos Estados Unidos pero si que son bastante vistos en Europa e Xapón, e é aí onde recupero o diñeiro. As ofertas que me chegan de Hollywood son para facer *Porky's V*. Non viron os meus filmes, simplemente leron o meu nome en *Variety* e estas propostas déixanme parvo.

Publicado en <https://filmthreat.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax